

Canciións do verán

Nesta redacción falarei destas canciións que se poñen de moda nos veráns, cando a xente parece que se volve tola.

Primeiro falaremos da letra; a letra parece que estea feita por un neno pequeno ou algo así, porque moitas veces din cousas sen sentido como o famoso “Aserejé”: quen sabe o que quere dicir isto? ninguén, pero a xente ve que se pon de moda e pensa “imos cantar esta cancion insoportable”.

Eu persoalmente creo que no verán as produtoras deberían pechar as portas, posto que todo o que entra son canciións cantadas por xente que o único que quere é facerse o chulo no verán con corpos 10 e cousas así porque se queren gañar cartos coas canciións non creo, posto que son moi malas.

Agora falaremos das coreografías; este punto aínda é peor que o anterior: as coreografías no verán creo que non terían que existir, así de simple, porque quen non pasou nunca polo mal intre de bailar unha canciión destas?

Se as analizásemos paso a paso veríamos que os mesmos que escribiron as canciións fixeron a coreografía porque son máis malas aínda que as letras das canciións.

Creo que as produtoras fan un complot para rirse de todo o mundo facendo cantar a xente cousas moi penosas e bailar cousas peores aínda, porque, se pensades, soamente fan isto no verán e ningún destes cantantes seguen a súa carreira no inverno; e isto que quere dicir? que as produtoras que xa se fartaron de rir pasan a facer o negocio de verdade.

Sen dúbida, eu creo que os máis afectados por estas canciións son os nenos, posto que, imaxinades, vedes a moza da voso vida nunha festa e ves que esta bailando “pajaritos por aquí”... Eu, persoalmente, se fixese falta iríame correndo e esquecería esa muller posto que se está bailando isto imaxina que máis pode facer!

E non soamente a moza da túa vida, senón o teu pai: ti velo alí nunha festa bailando “aserejé” e nunca máis o poderías mirar á cara, e isto se es adolescente aínda, pero se es un cativo de 5 anos colles un trauma moi grande e podes quedar como As “ketchup” ou aínda peor. Agora falamos dos intérpretes das canciións, non poderían coller intérpretes mais garrulos para cantar as canciións; se canta un mozo é o típico rapaz coa camiseta sen mangas os lentes xigantes negros, unha crista e pantalóns axustados. Pero, agora, se se é unha muller creo que a poñen peor aínda, póñenas todas pintadas que parecen cadros e cuns pendentes xigantes nas orellas e todo isto acompañado por unha coreografía deprimente e unha letra mala é un inferno e desexas que empece outra vez a escola por non escoitar máis as canciións do verán.

Adrián García Reyes 1 Batx I.E.S Les Vinyes
